



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN
CARLOS CASARES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura e a Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizaron coa Fundación Carlos Casares o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Fundación Carlos Casares para a realización de actividades culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Ofertas de exposicións a centros docentes, concellos, etc. : “O principiño ao redor do mundo. A colección de Carlos Casares”, “Carlos Casares e a fotografía” e “as caras dos





libros”: Estas exposicións reúnen, a primeira, máis dun centenar de exemplares de Le Petit Prince en diversas linguas do mundo e cinco paneis explicativos; a segunda recolle medio centenar de fotografías; e a terceira é unha nova exposición modular que recolle pouco mais dun centenar de portadas dos libros de Carlos Casares.

Tamén se realizará a exposición “os mundos de Carlos Casares” que será a exposición sobre a figura, a obra e o tempo de Carlos Casares para o ano das Letras Galegas de 2017, o documental sobre Carlos Casares, roteiros literarios, actualización de contidos da páxina web e redes sociais e asistencia e apoio a centros escolares, asociacións culturais, concellos e investigadores nos actos do día das Letras Galegas.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver dentro do convenio, soamente poderán levarse a cabo pola Fundación Carlos Casares. Trátase dun referente único e exclusivo en Galicia e, coincidindo coa dedicación do Día das Letras Galegas ao autor Carlos Casares, non resulta posible promover a concorrência pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 30 de maio de 2017.

